



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Anuncio do 23 de febreiro de 2021 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Lugo, pola que se fai pública a solicitude de demasía da concesión de explotación de recursos da sección C) "Ampliación a San Acisclo" núm. 4076 presentada por Materiales Cerámicos Materias Primas, S.L.

A Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Lugo fai pública a solicitude de demasía da concesión de explotación de recursos da sección C) "Ampliación a San Acisclo" núm. 4076 presentada por Materiales Cerámicos Materias Primas, S.L. e cuxa extensión ven delimitada polas seguintes coordenadas:

Coordenadas UTM ETRS89			Coordenadas UTM ETRS89		
Vértice	X	Y	Vértice	X	Y
1	612.253,487	4.819.129,274	10	613.386,317	4.818.969,358
2	612.263,787	4.818.512,274	11	613.402,063	4.817.970,366
3	612.274,086	4.817.895,274	12	613.503,00	4.817.971,986
4	612.723,187	4.817.902,785	13	613.503,829	4.817.915,915
5	613.103,880	4.817.909,177	14	613.621,389	4.817.917,897
6	613.103,051	4.817.965,565	15	613.610,967	4.818.534,897
7	612.599,937	4.817.957,494	16	613.600,543	4.819.151,898
8	612.584,090	4.818.956,477	17	613.151,524	4.819.144,326
9	612.884,043	4.818.962,197	18	612.702,505	4.819.136,785

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 57.1 do Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minería, e do artigo 21.1 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia. De acordo co establecido no artigo anterior, ábrese un período de información pública dunha duración de trinta días, a contar desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Lugo, 23 de febreiro de 2021.- Xefe territorial de Lugo, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0710

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Expte.- 1614/2020

Que o expediente de Modificación Ordenanza Fiscal nº 15 da Taxa pola distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores, permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo n.º 12 de 16/01/2021 sen que durante devandito prazo se haxa presentado alegación algunha.

Por iso, de conformidade co artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, debe entenderse definitivamente adoptado o acordo plenario provisional de 29 de decembro de 2020 coa redacción que de seguido se transcribe:

ORDENANZA FISCAL Nº 15 TAXA POLA DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES.

FUNDAMENTO E RÉXIME

Artigo 1.-

Este Concello conforme o autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20. 4. t) da Lei 39/88 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas, colocación e utilización de contadores, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme o disposto no artigo 16 da Lei 39/88 citada

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2.-

Está constituído pola actividade municipal desenrolada con motivo da distribución de auga potable a domicilio, ó enganche de liñas á rede xeral e a colocación e utilización de contadores.

DEVENGO

Artigo 3.-

A obrigaçión de contribuír nacerá no momento de prestarse o servizo previa a correspondente solicitude ou depende que se utilice este sen haber omitido a previa licencia, debendo depositarse previamente o pago correspondente ó enganche e contadores.

SUXEITOS PASIVOS

Artigo 4.-

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire ou artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta Ordenanza.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios de vivendas ou locais ás que se provea o servizo, as cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficios.

BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

Artigo 5.-

A base do presente tributo estará constituída por:

No subministro ou distribución de auga: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.

Nas acometidas a rede xeral: o feito da conexión á rede por cada local comercial, vivenda individual.

E na colocación e utilización dos contadores: clase de contador individual ou colectivo.

COTAS TRIBUTARIAS**Artigo 6: COTA TRIBUTARIA**

CONCEPTO	COTA
A cota de entronque a rede xeral	112,87 €
Traspaso de titularidade	10,85 €
Cotas por alta no padrón	40,67 €
Cobro ós abonados morosos	4,02 €
Cota fixa	4,2135 €/bimestre

CONSUMO	COTA 2021		
	Ata 20m ³ /bimestre	De 20m ³ a 150 m ³	Dende 150 m ³
Vivenda	0,673539 €	0,753716 €	0,856586 €
Locais comerciais	0,821311 €	0,925376 €	0,925376 €
Locais industriais	0,872349 €	0,979354 €	1,037002

Por subministracións de auga non clorada: 0,336770 €/m³

Por desprecintado do contador, cota anterior: 30,40 €

Por conexión a rede e precintado dos racores de contadores non colocados por persoal do servizo: 21,35 €/ud.

Comprobación do contador con contador padrón:

Por comprobación de contador con contador padrón con resultado de funcionamento correcto, cota anterior: 21,67 €/ud

Por cobros ós abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago, cota anterior: 4,02 €/ud

Por limpeza de acometida de saneamento con camión: 100,20 €/hora

Por limpeza de acometida de saneamento con medio anuais: 21,67 €/hora

Por conservación de acometida de abastecemento: 0,341 €/bimestre

Por conservación de contador de diámetro entre 13 e 20 mm : 0,341 €/bimestre

Nota: Tódalas tarifas anteriores non teñen incluído o I.V.E.

Lista de prezos de acometidas de contadores:

Acometidas de abastecemento

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5m. de lonxitude máxima (1 a 5 m.)

Diámetro de acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-bairarrúas (C)
	COTA		
¾"	193,85 €	246,92 €	292,38 €
1"	210,13 €	262,83 €	307,82 €
1 ½"	250,98 €	304,25 €	349,13 €
2"	289,73 €	340,61 €	384,97 €

INCREMENTO POR METRO NO PREZO DA ACOMETIDA PARA LONXITUDES SUPERIORES A 5 m. SEGUNDO DIÁMETRO E TIPO

TIPO	¾"	1"	1 ½"	2"
	COTA			
A	8,99 €	10,55 €	15,08 €	25,25 €
B	19,84 €	21,41 €	25,89 €	36,09 €
C	23,91 €	25,41 €	29,88 €	40,03 €

CONTADORES

Instalación del contador (diámetro 13 mm) en batería ou similar.

Prezo contador instalado: 84,39 €/ud.

Instalación de contador de diámetro superior a 13 mm.

Para contadores de diámetros superiores farase un presuposto previo.

Tarifa de contadores (sen colocación)

Diámetro 13mm: 54,44 €/ud.

Diámetro 15mm: 54,44 €/ud.

Diámetro 20 mm: 75,66 €/ud.

Diámetro 25 mm: 123,23 €/ud.

Diámetro 30 mm: 172,26 €/ud.

Diámetro 40 mm: 267,00 €/ud.

Diámetro 50mm: 583,42 €/ud.

Diámetro 65 mm: 723,26 €/ud

EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES.

Artigo 7.-

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/88, de 28 de decembro, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 8.-

As comunidades de veciños, virán obrigadas a establecer un contador xeral, para a comunidade a excepción dos locais comerciais, sen prexuízo de que cada usuario, teña un contador individual. Os locais comerciais, así como as industrias, están obrigados a poñer un contador individual, con toma anterior ó contador xeral da comunidade. En todo caso, no prazo de tres meses, contados a partires da entrada en vigor da presente Ordenanza, tódolos donos de comercio ou industrias deberán haber cumprido o establecido no parágrafo anterior.

A acometida de auga á rede xeral, será solicitada individualmente, por cada vivenda, polo que será obrigatoria a instalación dun contador por vivenda unifamiliar. Dita solicitude, será presentada no Concello.

Os solicitantes de acometida de enganche, farán constar ó fin a que se destina a auga, advertíndose que calquera infracción ou aplicación diferente, daquela para a que se solicita, será castigado cunha multa na cantidade que acorde o Concello, sen prexuízo de retirarlle o subministro de auga.

Cando o solicitado de acometida de auga a efectuase, en data posterior que deba habelo feito, satisfará como dereito de enganche, o 200 por 100 do importe que lle corresponda aboar por cada enganche.

Artigo 9.-

A concesión do servizo, outorgarase mediante acto administrativo e quedará suxeito ás disposicións da presente Ordenanza e as que se fixasen no oportuno contrato. Ser por tempo indefinido en tanto as partes non manifesten por escrito, a súa vontade de rescindir o contrato e por parte do subministrador se cumpran as condicións prescritas nesta ordenanza e o contrato que queda dito.

Artigo 10.-

As concesións clasificaranse en:

Para usos domésticos, é dicir, para atende-las necesidades da vida e hixiene privada.

Para usos industriais, considerándose dentro destes, os hoteis, bares, tabernas, garaxes, estables, fábricas, colexios, etc.

Para usos oficiais.

Artigo 11.-

Ningún aboado pode dispoñer da auga máis que para aquilo que lle foi concedida, salvo causa de forza maior quedando terminantemente prohibido, a cesión gratuita ou a rebenta de auga

Artigo 12.-

Os gastos que ocasione a renovación de tubos, reparación de minas, pozos, mananciais, consumo de forza, etc., serán cubertas polos interesados.

Artigo 13.-

Tódalas obras para conducila auga, da rede xeral toma do abonado, serán de conta deste, si ben, realizárase baixo a dirección municipal e na forma que o Concello estime.

Artigo 14.-

O Concello por providencia do Sr. Alcalde, poden sen outro trámite, cortar o subministro de auga a un aboado, cando negue a entrada ó domicilio para o exame das instalacións, cando ceda a título gratuito e onerosamente a auga a outra persoa, cando non pague puntualmente as cotas de consumo, cando exista rotura de precintos, selos ou outra marca de seguridade posta polo Concello, así como os "limitadores de subministro dun tanto alzado". Tódalas concesións, responden a a unha póliza ou contrato suscrito polo particular e o Concello que se fará por duplicado exemplar.

Artigo 15.-

O corte da acometida por falta de pago, levará consigo ó rehabilitarse, o pago dos dereitos de nova acometida.

Artigo 16.-

O cobro da taxa, farase mediante recibos bimensuais. A conta que non se fixera efectiva, dentro do mes seguinte á terminación do período respectivo, esixírase pola vía de apremio ós debedores do subministro de auga como queda dito.

Artigo 17.-

En caso de que por escaseo de caudal, augas sucias, secas, xeadas, reparacións, etc., o Concello tivera que suspender total ou parcialmente o subministro, os aboados non terán dereitos a reclamación algunha, nin indemnización por danos, prexuízos ou calquera outros conceptos, atendéndose neste senso que a concesión se fai a título precario.

RESPONSABLES**Artigo 18.-**

Serán responsables solidariamente das obrigacións tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarios das infraccións cometidas neste Réxime de tributación.

Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituían unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.

Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigacións tributarias infrinxidas, consistiran no incumplimento por quenes dependan deles ou adopten acordos que fixeran posibles as infraccións. Así mesmo tales administradores responderán subsidiariamente das obrigacións tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

INFRACCIÓNS E SANCIONES TRIBUTARIAS**Artigo 19.-**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Burela, 17 de marzo de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0711

*Anuncio***Expte.- 2256/2020**

Que o expediente de Modificación da Ordenanza Fiscal nº 2 da Taxa por ocupación da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo situados en terreos de uso público local, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico, permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo n.º 12 de 16/01/2021 sen que durante devandito prazo se haxa presentado alegación algunha.

Por iso, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, debe entenderse definitivamente adoptado o acordo plenario provisional de 29 de decembro de 2020 coa redacción que de seguido se transcribe:

ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS DE RECREO SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICO.

FUNDAMENTO E RÉXIME**Artigo.1.-**

Este Concello conforme o autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.3 n) da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por ocupación da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados en terreos de uso público local, así como industriais, da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico, que se regule pola presente Ordenanza, redactada conforme o disposto no artigo 16 da Lei 39/88 citada.

FEITO IMPOÑIBLE**Artigo 2.-**

Constitúe o feito imponible deste tributo a ocupación de terreos de uso público con instalacións de carácter fixo, para o exercicio de actividades de venda de calquera clase, e con aquelas destinadas a espectáculos ou recreos e rodaxe cinematográfico, así como ó exercicio de industrias da rúa e ambulantes.

DEVENGO**Artigo 3.-**

A obriga de contribuír nace dende o momento en que o aproveitamento autorizado para a instalación de postos, espectáculos, recreos na vía pública, rodaxe cinematográfico e para o exercicio de industrias da rúa e ambulantes se efectúe, ou dende que se realice o aproveitamento se fixera sen a oportuna autorización.

SUXEITOS PASIVOS**Artigo 4.-**

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, a quenes se autorice para efectualo aproveitamento especial do dominio público local.

BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE**Artigo 5.-**

Tomarase como base do presente tributo, o metro cadrado de superficie ocupada polo posto, instalación ou actividade que se autorice, valorado segundo a tarifa desta Ordenanza, os días naturais de ocupación, e cada

mesa ou cadeira instalada na vía pública polos establecementos Industriais, e o prazo polo que se autorice a industria da rúa ou ambulante ou o rodaxe cinematográfico.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 6.-

As tarifas a aplicar serán as seguintes:

CONCEPTO	unidade de adeudo	Euros/m ²
Postos en mercados e mercaditos,	m ²	1,02 €/ m ² día
Casetas de venda e industriais		
Ambulantes		

Barracas, espectáculos e atraccións para festexos adxudicaranse por poxa, concurso ou adxudicación directa.

RESPONSABLES

Artigo 7.-

1.- Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos Supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.

3.- Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consentirán no incumprimento por quenes dependan deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

4.- Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artigo 8.-

De conformidade eco disposto no artigo 9 da Lei 39/88, de 28 de decembro, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ós previstos en normas con rango de Lei.

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigados ó pago das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público polos aproveitamentos inherentes ós servizos de comunicacións que exploten directamente e por tódolos que inmediatamente interesen á seguridade cidadán ou defensa nacional.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 9.-

1.-As persoas naturais ou xurídicas interesadas en obter autorización para a colocación de postos ou outras instalacións na vía pública presentarán no Concello solicitude detallada

da extensión, duración e carácter do aproveitamento, que acompañarán o esbozo correspondente do lugar exacto do emprazamento da instalación.

2.- Os titulares doa aproveitamentos, ó caducar a licencia concedida para os mesmos, deberán proceder retirar da vía pública as instalacións e se no fixeran o Concello farase cargo das mesmas, si foran utilizables, ou adoptar as medidas necesarias para a súa utilización.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

Artigo 10.-

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Suspéndese de forma temporal a aplicación da presente ordenanza e pola a imposición do tributo que esta regula durante o segundo trimestre do ano 2021.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Burela, a 17 de marzo de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0712

*Anuncio***Expediente nº 2264/2020****APROBACIÓN DEFINITIVA**

Que o expediente de Modificación da Ordenanza Fiscal nº 18 da Taxa pola ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo n.º 12 de 16/01/2021 sen que durante devandito prazo se haxa presentado alegación algunha.

Por iso, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, debe entenderse definitivamente adoptado o acordo plenario provisional de 29 de decembro de 2020 coa redacción que de seguido se transcribe:

ORDENANZA FISCAL Nº 18 TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PUBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA**Artigo 1.-Concepto**

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.3.I), ambos da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, segundo a modificación establecida polo artigo 66 da Lei 25/1988, de 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público, este Concello establece a Taxa por utilizacións privativas o aproveitamentos especiais do dominio público local por "ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados, e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa", especificado nas Tarifas contidas no apartado 2 do artigo 3º seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.-Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago da taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou entidades a cuxo favor se outorguen as licencias, ou quen se beneficien do aproveitamento si se precedeu sen oportuna autorización.

Artigo 3.-Contía

A contía da taxa regulada nesta Ordenanza ser a fixada nas Tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo superficie ocupada polos aproveitamentos expresados en metros cadrados.

As tarifas da taxa serán as seguintes:

Tempo de Ocupación	Cota m2. Si o número de m2 non fose enteiro redondearase por exceso para obtela superficie ocupada
Mes	3,323166 €
Trimestre	10,120477 €
Ano	40,490076 €

Cando os aproveitamentos se realicen na zona do Paseo Marítimo e na zona da Praza da Mariña, as cantidades que resulten da aplicación das anteriores tarifas se multiplicarán polo coeficiente que se indica a efecto de determinar o importe a pagar: 1,2.

Os efectos previstos para a aplicación do apartado 2 anterior, terase en conta o seguinte:

Si o número de metros cadrados do aproveitamento non fose enteiro redondearase por exceso para obtela superficie ocupada.

Si como consecuencia da colocación de toldos, marquesiñas, separados, barbacoas e outros elementos auxiliares se delimitan unha superficie maior á ocupada por mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

Os aproveitamentos poden ser anuais, cando se autoricen para todo o ano natural; e temporais, cando o período autorizado comprenda parte do ano natural.

Tódolos aproveitamento realizados sen autorización administrativa consideraranse anuais.

Artigo 4.-Normas de xestión

As cantidades esixibles con arranxo as Tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irredutibles polo período de tempada ou anual autorizado.

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente, a correspondente licencia, realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 5.2.a) seguinte e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van a instalar, así como un plano ou esbozo detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Municipio.

Os servizos técnicos desde Concello poderán comprobar e investiga-las declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferencias coas peticións de licencias; si se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións una vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

Non se consentir a ocupación da vía pública ata que se abone o depósito previo a que se refire o artigo 5.2.a) seguinte e se obteña a correspondente licencia polos interesados. O cumprimento deste mandato poderá dar lugar non concesión da licencia, sen prexuízo do pago do prezo público e das sancións e recargas que procedan.

Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade pola Alcaldía ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes, en caso de falecemento.

A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural do tempo seguinte sinalado no epígrafe da Tarifa que corresponda. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando o prezo público.

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licencia.

Artigo 5.-Obrigación de pago

1.-A obriga do pago da taxa regulada nesta ordenanza nace:

Tratándose de concesións de novos aproveitamentos na vía pública, no momento de solicita-la correspondente licencia.

Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados.

2.-O pago da taxa realizarase:

Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establece o Concello, pero sempre antes de retira-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26 da citada Lei 39/1988, de 28 de decembro, modificado pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, quedando elevado a definitiva ó concederse a licencia correspondente.

Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizadas e prorrogadas, unha vez incluídas nos padróns ou matriculas desa taxa, por anos naturais, nas Oficinas da Recadación Municipal, dende o día 16 do mes de xaneiro ata o día 15 do mes de febreiro.

Disposición transitoria

Suspéndese de forma temporal a aplicación da presente ordenanza e pola a imposición do tributo que esta regula durante o segundo trimestre do ano 2021

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Burela, 17 de marzo de 2021.- O alcalde, Alfredo Lllano García.

R. 0713

Anuncio

Expte.- 1613/2020

Que o expediente de Modificación Ordenanza Fiscal nº 12 da Taxa por prestación do servizo de sumidoiro, permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo n.º 12 de 16/01/2021 sen que durante devandito prazo se haxa presentado alegación algunha.

Por iso, de conformidade co artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, debe entenderse definitivamente adoptado o acordo plenario provisional de 29 de decembro de 2020 coa redacción que de seguido se transcribe:

ORDENANZA FISCAL Nº 12 TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIRO

Artigo 1.-

Este Concello conforme o autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e acordo co previsto no artigo 20.4. r) da Lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por servizo de sumidoiro, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme o disposto no artigo 16 da Lei 39/88 citada.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2.-

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de evacuación de excreto, augas negras, residuais e pluviais mediante a utilización da rede de sumidoiro municipal. Así como ó prestado para a conexión á rede xeral, unha vez constatado que se dan as condicións necesarias para a autorización da acometida rede xeral. Así como a vixilancia especial de sumidoiros particulares.

O servizo de evacuación de excreto, augas negras residuais e pluviais será de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia tódolos inmobles enclavados a distancia menor de cen metros dalgunha arteria do sumidoiro deberán estar dotadas do servizo, devengándose a Taxa aínda cando os suxeitos pasivos non realicen a acometida da finca rede xeral.

DEVENGO

Artigo 3.-

O tributo considerarase devengado dende que naza a obrigaçión de contribuír a tenor do establecido no artigo 2. Considerase que empeza a prestación do servizo que da orixe ó nacemento da obrigaçión de contribuír, cando teña lugar á cometida efectiva, previa autorización ou sen ela, en cuxo caso haberá lugar ás sancións que procedan.

Cando a taxa se devenguen anualmente, o devengo terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo corresponderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no servizo, en cuxo caso a cota ratearase por trimestres naturais.

SUXEITOS PASIVOS

Artigo 4.-

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptibles de imposición; que ocupen ou utilicen por calquera clase de título, incluso en precario, as vivendas e locais onde se preste o servizo.

Terán a consideración de sustitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, os cales poderán repercutir, e no seu caso, ós ocupantes ou usuarios, as cotas aboadas por razón da Taxa.

RESPONSABLES

Artigo 5.-

1.- Serán responsables solidariamente das obrigaçións tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarios das infraccións cometidas neste Réxime de tributación.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado,

susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.

- 3.- Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigacións tributarias infrinxidas, consistiran no incumprimento por quenes dependan deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigacións tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.
- 4.- Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

Artigo 6.-

A base imponible virá determinada no suposto de licencia ou autorización para a cometida rede de sumidoiro, polo número de locais ou vivendas que desagüen conxuntamente a través da acometida para a que se solicita autorización.

No referente evacuación de excreto, augas negras, residuais e pluviais, a base imponible ven constituída polo m^3 . de auga consumida na finca.

Na vixilancia de sumidoiros particulares os metros lineais ou fracción de lonxitude do sumidoiro.

COTAS TRIBUTARIAS

Artigo 7: COTA TRIBUTARIA

CONCEPTO	COTA
Tódolos abonados que consuman auga ou non, abonarán un mínimo de 10 m^3 /bimestre, así como os excesos de tal cantidade a	0,090591 €/m ³
Vivendas, cota variable	0,090591 €/m ³
Locais comerciais, industriais, obras e outros cotas fixas	0,090591 €/m ³
Locais de negocio, cota variable	0,090591 €/m ³
Acometida xeral do edificio	112,87 €/ud
Por cada alta de vivenda o local	40,67 €/alta
Polo servizo de saneamento, para abonados de uso doméstico, comercial, industrial, obras e outros	0,090591 €/m ³
Pola depuración de augas residuais para tódolos abonados que consuman auga ou non, abonarán un mínimo de 10 m^3 /bimestre, así como os excesos de dito consumo a razón de	0,137932 €/m ³

ABONADOS CON SUBMINISTRO NON PROCEDENTE DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO:

Aqueles abonados/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e/ou vertan a rede de saneamento un caudal superior ó consumido sa rede municipal, instalarán o seu cargo aparatos para medida do caudal vertido a rede; esta medición servirá de base para a facturación por depuración, a razón de: 0,137932 €/m³

Nota: As cotas anteriores non inclúen I.V.E.

ACOMETIDA DE SANEAMENTO

Ud. Acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubo de P.V.C. diámetro 160/5at-, incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a colector existente, para unha lonxitude máxima de 5m.

CONCEPTO	COTA
Gabia en terra	344,70 €/ud
Gabia en asfalto	386,93 €/ud
Gabia en beirarrúa	444,68 €/ud

Nota: Estes prezos veranse gravados co I.V.E correspondente.

Artigo 8.-

As cotas da primeira anualidade faranse efectivas ó formular a oportuna declaración de alta, e as periódicas no tempo e forma que se indican no Regulamento Xeral de Recadación para esta clase de tributos.

